

IES SAN TOME DE FREIXEIRO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

HISTORIA DE ESPAÑA

2º BACHARELATO

CURSO 2019-20

ÍNDICE

Páx

1- OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO	3
2- METODOLOXÍA DIDÁCTICA	4
3- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	5
3.1. LIBRO DE TEXTO	5
4- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	5
4.1- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	6
4.2- SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN.....	6
4.3- AVALIACIÓN INICIAL	6
5- PUBLICIDADE Ó ALUMNADO E PAIS	6
6- PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN	7
7- CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DO CENTRO	7
7.1- AVALIACIÓN DO PLAN LECTOR	7
8- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DOCENTE.....	9
9- UTILIZACIÓN DAS TIC no BAC	9
10- PROGRAMACIÓN DE HISTORIA DE ESPAÑA.....	10
10.1- SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN	11
10.2- OBXECTIVOS, CONTIDOS , CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMP. CLAVE	14
10.3- Concreción dos estándares e INDICADORES DE LOGRO	29

1. OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

O bacharelato contribuíra a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

2. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Como **principios metodolóxicos** deberáse favorecer o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso das técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido. O alumnado de bacharelato debe adquirir, ademais, a capacidade de expresarse correctamente en público así como un manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples.

Todas as materias que se integran no departamento son disciplinas ricas en información, nós pretendemos que os nosos alumnos e alumnas, ademais de adquirir unha boa formación en contidos, desenvolvan unha actitude reflexiva e crítica ante a materia e unha madurez persoal, polo tanto debemos darlles a oportunidade de buscar a información de forma independente, e non sempre xa elaborada. Isto implica o tratamento de **fontes diversas**, un proceso que debe ser gradual.

A metodoloxía que se pretende seguir é de carácter comprensivo e debe contar coa **participación activa** do alumnado, tendo en conta que o importante non é tanto o que o profesor ensina, senón o que o alumno aprende. Para manter a atención dos alumnos, convén utilizar os novos medios técnicos como formas alternativas de buscar información.

As **saídas da aula**, perfectamente programadas e non como simple divertimento, facilitan a introducción dos alumnos nos mecanismos de investigación e son unha importante fonte de motivación.

Neste ensino activo e de indagación deben incluírse os **traballos en grupo dentro da aula**. Outro elemento primordial de toda **aprendizaxe comprensiva** é facer o maior uso posible das relacións dos novos coñecementos con esquemas que o alumno teña xa adquiridos ou estean en fase de adquisición. Dada a simultaneidade dalgúns temas nos currículos de varias materias que se imparten no mesmo curso, é un recurso metodolóxico inestimable a **interdisciplinabilidade**. En calquera caso, o método empregado debe ir sempre de acordo cos obxectivos que se pretenden conseguir.

Preténdese tamén que o alumnado domine, ao final do curso escolar, un vocabulario científico das materias. **A gradación na adquisición do vocabulario** corresponderase cunha gradación na dificultade das unidades, que esixen formulacións cada vez máis profundas. Ao final de cada unidade introducirase unha actividade de síntese a través da cal o alumno deberase lembrar do vocabulario xa estudiado.

A utilización do contorno próximo na medida do posible é tamén un dos puntos básicos que hai que ter en conta.

A contextualización nos períodos históricos é outro aspecto clave no estudo de tódas as materias. Por iso é fundamental a utilización de eixes cronolóxicos, esquemas e resumos.

Todo o anteriormente exposto conséguese mediante a utilización na aula de **tratamentos diferentes da información** e alternando os procedementos de traballo. A todo isto é necesario engadirlle a observación de diapositivas, atlas, a lectura de fontes iconográficas, a utilización periódica de libros diferentes ao libro de texto, os comentarios en grupo e os vídeos, que actúan como **actividade globalizadora**. Ao comezo de cada unidade son necesarias as clases expositivas, pois é tarefa do profesor centrar os aspectos máis relevantes de cada unidade didáctica.

3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O departamento dispón dos seguintes recursos:

- Unha colección completa de diapositivas de arte.
- Bibliografía histórica e xeográfica para consulta do profesorado.
- Unha colección de DVD de Hª de España para 2º de Bacharelato.
- Unha colección de arte:"Los genios de la pintura"
- Dos colecciónes de 10 DVD de Historia general del arte

Ademáis destes materiais de uso común, cada profesor é responsable da elaboración dos seus propios materiais de aula segundo as necesidades da súa programación.

3.1. LIBRO DE TEXTO

2º BAC: Historia de España. Edit. Vicens Vives.

ISBN: 84- 316- 9259-9

4. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Na etapa de bacharelato a avaliación debe fundamentarse nos seguintes principios:

- Continuidade, que fai referencia á necesidade de entender a avaliación como un proceso no que poderemos distinguir diferentes momentos: inicio, proceso-desenvolvemento e fin.
- Sistemática, que alude á necesidade de establecer a forma de seguimento de acordo cun plan previamente trazado, que deberá ser levado a cabo con rigor.
- Flexibilidade, que implica a posibilidade de utilizar no proceso avaliador, e sempre en función dos obxectivos trazados, diversidade de técnicas e instrumentos de rexistro.

Tendo en conta estes principios os procedementos de avaliación consistirán en:

- A observación directa do traballo realizado polos alumnos e alumnas.
- A análise das tarefas e actividades desenvolvidas.
- A corrección de probas específicas.

4.1. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación comprenden un conxunto de técnicas que permiten a obtención de datos sobre a evolución do proceso de aprendizaxe do alumnado. Estas técnicas poden ser:

De observación, directa e indirecta realizadas de forma sistemática.

Entrevistas, probas escritas e orais e cuestionarios.

Estas técnicas concretaranse en actividades de avaliación que abarquen ámbitos diversos, entre eles:

- Asociación entre conceptos.
- Elección da mellor resposta.
- Definición do significado.
- Exposición temática.
- Identificación e categorización de exemplos.
- Comentarios de imaxes, mapas e gráficos.
- Síntese por medio de resumos, mapas de contido, gráficos, etc.

- Comentarios e composicións de textos.

4.2. SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

Os resultados da avaliación no BACHARELATO expresaranse nos termos seguintes: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB), acompañadas dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais, considerándose cualificación negativa o insuficiente e positivas as restantes, correspondendo ao IN do 1 ao 4, ao SU o 5, ao BE o 6, ao NT o 7 e 8 e ao SB o 9 e 10.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións. Cando a nota media das avaliacións resulte con números decimais aproxímarase ao número enteiro máis próximo. Por exemplo, dende 4 a 4,5 aproxímarase a 4. Dende 4,6 a 4,9 aproxímarase a 5.

En caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando nalgún control será cualificado/a nesa proba cun 0.

En cada avaliación o profesorado terá en conta, ademais da nota das probas, as actividades complementarias desenvolvidas ou propostas na aula, que contribuirán a subir a cualificación.

4.3 AVALIACIÓN INICIAL

Para a realización da avaliación inicial, cada profesor ou profesora elaborará e cualificará unha proba que medirá as competencias clave dos cursos anteriores, cuxos resultados serán rexistrados documentalmente

4.4 Avaliación continúa

Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)

Realízase como mínimo unha proba escrita por avaliación. O número de probas e o número de temas que entrarán en cada proba déixase a criterio de cada profesor/a.

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)

A cualificación deste tipo de probas servirá para redondear a nota da avaliación cando esta resulte con números decimais. En caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando nalgún control será cualificado/a nesa proba cun 0.

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)

A cualificación final será a media aritmética das probas realizadas nesa avaliación. Cando a nota media resulte con números decimais aproximarase ao número enteiro máis próximo, redondeando ó alza ou á baixa segundo a cualificación do traballo realizado polo alumnado.

Mecanismo/s para recuperar unha proba non superada (no seu caso)

Mecanismo/s para recuperar unha avaliación non superada

Haberá UN EXAME de recuperación para CADA AVALIACIÓN que poderá ser despois de cada avaliación ou ó final de curso. O profesorado de cada materia decidirá a data de realización de dito exame.

Como se calcula a cualificación final da materia na avaliación ordinaria:

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións. Cando a nota media das avaliacións resulte con números decimais aproximarase ao número enteiro máis próximo. Por exemplo, dende 4 a 4,5 aproximarase a 4. Dende 4,6 a 4,9 aproximarase a 5.

5. PUBLICIDADE Ó ALUMNADO E PAIS

Ao comezo do curso o profesorado informará aos seus alumnos da metodoloxía que vai empregar e os procedementos de avaliación que vai utilizar. Ademais, o alumnado e os pais poderán ter acceso ao contido desta programación e aclarar calquera dúbida relacionada coa materia dirixíndose en primeiro lugar á Xefatura de Estudos do centro e en segundo lugar á Xefatura do Departamento.

6. PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN

Haberá un EXAME DE RECUPERACIÓN en cada avaliación para o alumnado que suspenda a materia. Cada profesor, na súa aula, decidirá a data da realización do exame que poderá ser despois de cada avaliación ou ó final de curso.

É obrigatorio presentarse ao exame de recuperación para todos os alumnos e alumnas que obtiveran unha nota inferior a 4,5 na media da avaliación correspondente. A nota a considerar para a media final, será a máis alta, entre media da avaliación e a da propia recuperación, agás os casos nos que no exame de recuperación teñan unha nota máis de 1,5 inferior á obtida na media da avaliación correspondente

Proba extraordinaria de setembro: Os alumnos e alumnas que non superen a materia en xuño terán dereito a recuperala en setembro mediante un exame cuxas datas serán determinadas pola xefatura de estudos.

Características da proba de setembro:

A proba consistirá nun exame de tres cuestións, unha de vocabulario (2 puntos), unha pregunta tema (3 puntos) e unha composición sobre textos históricos, atendendo ao modelo das probas ABAU.

RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Mecanismos para o seguimento (clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, docente encargado da supervisión, etc.)

O alumnado de 2º de Bacharelato que teña pendente a materia de HMCO de 1º BA poderá recuperala por avaliación continua mediante a aplicación

dun programa de reforzo elaborado e avaliado polo/a profesor/a responsable de seu seguimento, que será quen imparte clase no curso no que estea matriculado o alumno. O xefe de departamento encargárase da elaboración, vixilancia e corrección dos exames parciais e da vixilancia e corrección das probas de maio e de setembro elaboradas polo departamento.

Cada profesor ou profesora encargárase de informar ó seu alumnado sobre o programa de reforzo e a materia obxecto de exame que corresponde a cada parcial.

O alumnado que suspenda os exames parciais terá dereito a presentarse ás PROBAS FINAIS DE MAIO que establecerá a Xefatura de Estudos. E, no caso de suspender en maio, poderá presentarse a unha PROBA EXTRAORDINARIA EN SETEMBRO.

Como se avalía (avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.)

Para os alumnos e alumnas que cada profesor/a determine, en función da superación do programa de reforzo, establécense DOUS EXAMES PARCIAIS nos que se dividirá a materia:

1º EXAME: mércores , 20 de novembro de 2019, ás 17:00 h., nas aulas do primeiro andar.

2º EXAME: mércores, 14 de abril de 2020, ás 17:00 h. nas aulas do primeiro andar.

Como se calcula a cualificación final (ponderación, redondeos, etc.)

Os exames cualificaranse sobre 10. A nota final será a media aritmética dos DOUS PARCIAIS, que no caso de resultar un número decimal se aproximará ao número enteiro máis próximo. Desde 4 a 4,5 aproxímarase a 4. Desde 4,6 a 4,9 aproxímarase a 5.

Descrición do tipo de proba extraordinaria: número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

Consistirá en 5 PREGUNTAS: Unha pregunta será de vocabulario, dúas serán prácticas e dúas teóricas.

Como se calcula a cualificación da proba

Cada pregunta valorarase en 2 puntos

7. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DO CENTRO

O Currículo de Educación Secundaria de Galicia, no seu Anexo IV, establece o Proxecto Lector do Centro: "...O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, **incluírá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde**, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura...". "...Realízase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura. Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal".

Existen catro dimensións xerais da competencia lingüística, que son:

- **Falar e escoitar**, é dicir, ser competente na expresión e comprensión de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas.
- **Ler**, é dicir, ser competente á hora de comprender e usar textos diferentes con intencións comunicativas tamén diferentes.
- **Escribir**, é dicir, ser competente á hora de compoñer diferentes tipos de texto e documentos con intencións comunicativas diversas.

7.1. AVALIACIÓN DO PLAN LECTOR

O dominio e progreso das competencias lingüísticas nas dimensións de falar e escoitar, e ler e escribir, terá que comprobarse a través do uso que fai o alumnado en situacións comunicativas diversas. Poden servir de pautas os seguintes exemplos de situacións, actividades e tarefas, que na súa maioría se realizan diariamente e que se poden considerar para avaliar a consecución desta competencia:

FALAR E ESCOITAR

- Presentación de debuxos, fotografías, mapas etc. coa intención de que o alumnado, individualmente ou en grupo reducido, describa, narre, explique, razoe, xustifique, valore a propósito da información que ofrecen estes materiais.
- Presentación pública, por parte do alumnado, dalgunha produción elaborada persoalmente ou en grupo, sobre algúns dos temas que poidan tratarse en clase.
- Exposición en voz alta dunha argumentación, dunha opinión persoal, dos coñecementos que se teñen arredor algún tema puntual, como resposta a preguntas concretas ou a cuestións máis xerais, como poden ser: "Que sabes de...?", "Que pensas de...?". "Que queres facer con...?". "Que valor das a...?". "Que consello darías neste caso?".

LER

- Facer **lectura en voz alta**, en todas as sesións de clase, da parte correspondente aos contidos que hai que tratar nesa sesión, do libro de texto ou calquera outro documento usado como recurso, e avaliar certos aspectos como: velocidade, entonación, corrección, ritmo, fonética.
- A partir da lectura do enunciado das actividades que hai que desenvolver, obter a idea principal da cuestión que se propón, para poder dar a resposta adecuada. Sobre todo, da lectura dos enunciados dos exercicios.

- A partir da lectura dun texto determinado (periódico, revista...), indicar que cadro, que representación, que gráfico, que título de entre diversos posibles é o máis adecuado para o conxunto do texto ou para algunha parte, e extraer conclusións.
- Busca e realización de biografías de grandes personaxes e lectura de parte destas.

ESCRIBIR

- Compoñer un texto libre sobre un determinado tema, a partir dalgunha razón que o faga necesario.
- A partir da lectura dun texto determinado, elaborar un resumo.
- Escribir ao ditado ou realizar outro exercicio ou actividade que o profesor pode propoñer en calquera momento como complemento aos contidos tratados nas sesións de traballo.

8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DOCENTE

O procedemento para realizar o seguimento da programación e a súa avaliación farase coincidir coas sesións de avaliación, nas que se considerarán, entre outros, os seguintes aspectos:

Sesión de avaliación tras a avaliación inicial.

Nesta sesión de avaliación, como consecuencia da valoración realizada na avaliación inicial, estudarase se a planificación prevista é a adecuada no tocante a:

- Se o alumnado posúe os coñecementos previos necesarios para abordar esta programación docente e, no caso contrario, medidas que se adoptarán.
- Os contidos que se desenvolverán e a súa secuenciación.

- Se as estratexias metodolóxicas previstas son as máis adecuadas para este grupo.
- A organización temporal prevista.
- Se o tipo de actividades previstas é o adecuado ao grupo de alumnado.

Sesións da primeira e segunda avaliación.

Nestas sesións de avaliación analizarase o desenvolvemento da programación docente valorando os seguintes aspectos:

- Se o alumnado vai adquirindo os coñecementos e competencias previstos.
- Se a súa organización temporal está sendo a adecuada.
- Se as estratexias metodolóxicas desenvolvidas son as máis adecuadas.
- Balance xeral e propostas de mellora.

Sesión da terceira avaliación.

Nesta sesión realizarase unha avaliación do desenvolvemento da programación docente facendo maior fincapé nos seguintes aspectos:

- Grao no que se desenvolveu a programación docente.
- Valoración dos resultados académicos, é dicir, en que grao se conseguiron as aprendizaxes e competencias básicas previstas no alumnado.
- En que medida funcionaron as propostas de mellora introducidas nas anteriores sesións de avaliación.
- Análise xeral: valoración do conseguido, análise das posibles causas das dificultades atopadas, propostas de mellora e/ou revisión dalgúns aspectos da programación docente.

9. UTILIZACIÓN DAS TIC NO BACHARELATO

PÁXINAS WEB DE INTERESE

<http://www.historiasiglo20.org>

10. HISTORIA DE ESPAÑA

O estudo da historia de España é esencial para o coñecemento e comprensión non só do noso pasado senón tamén do mundo actual. Non menos importante é o carácter formativo da materia de Historia de España, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

Historia de España de segundo curso de bacharelato pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais dos territorios que configuran o actual Estado español, prestando, cando cumpra, unha especial atención a Galicia, pero sen esquecer por iso a súa pluralidade interna e a súa pertenza a outros ámbitos máis amplos, coma o europeo e o iberoamericano. Neste sentido, a materia recolle, na análise dos procesos históricos, tanto os aspectos compartidos como os diferenciais.

Concibida como materia común para todas as modalidades de bacharelato, ofrécelles aos alumnos e ás alumnas que chegan á vida adulta a posibilidade de coñeceren a historia de España de xeito continuo e sistemático. Na distribución cronolóxica dos contidos outórgaselle unha maior importancia ao coñecemento da historia contemporánea, sen renunciar por iso aos referidos ás etapas anteriores, pois en grande medida a pluralidade da España actual só é comprensible se nos remontamos a procesos e feitos que teñen a súa orixe nun pasado remoto. Deste xeito, dedícase un primeiro bloque aos comezos da nosa historia, desde os primeiros humanos á monarquía visigoda; o segundo refírese á Idade Media, desde a conquista musulmá da Península; os dous seguintes estudan a Idade Moderna, ata as vésperas da Revolución Francesa; e os oito restantes a Idade Contemporánea.

A través do estudo da Historia de España, o alumnado deberá adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade de España ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido. Así mesmo, tal estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á

sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade de entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non-discriminación e os valores democráticos.

A materia é rica en achegas ao coñecemento competencial. As competencias clave sociais e cívicas, e de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios da historia de España. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental, e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía trátase de xeito puntual. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e competenciais da materia.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando os ritmos e os estilos de aprendizaxe, e tendo en conta a atención á diversidade. A materia de Historia de España permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación

10.1. SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE

TEMA 1: AS RAÍCES HISTÓRICAS: PREHISTORIA E IDADE ANTIGA

- Os primeiros poboadores: o Paleolítico.
- Do Neolítico á Idade dos Metais.
- A chegada dos pobos colonizadores.
- Os pobos prerromanos: íberos, celtas e celtíberos.

TEMA 2: A IDADE MEDIA: AL-ÁNDALUS E OS REINOS CRISTIÁNS (S. VIII- XV)

- O dominio musulmán: Al-Ándalus (Séculos VIII – XI).

- A resistencia cristiá (Séculos VIII- XI).
- Expansión cristiá e retroceso de Al-Ándalus (séculos XI – XIII).
- A economía dos reinos cristiáns.
- As institucións políticas.
- A Baixa Idade Media en Castela e Navarra.
- Crise e decadencia na Coroa de Aragón.

TEMA 3: OS REIS CATÓLICOS E O IMPERIO DOS AUSTRIA (SÉCULOS XV -XVII)

- Os Reis Católicos : a construción do Estado moderno.
- A unificación e a expansión territorial.
- O goberno dos Austria.
- A expansión imperial europea no século XVI.
- Conquista e colonización de América.
- O século XVII: o declive do Imperio.

TEMA 4 : O SÉCULO XVIII: O REFORMISMO DOS PRIMEIROS BORBÓNS (1700-1788)

- A chegada dunha nova dinastía: Os Borbóns.
- Política exterior de España tras a paz de Utrech.
- O mantemento do Antigo Réxime no século XVIII.
- O modelo absolutista dos Borbóns.
- O reformismo borbónico: o reinado de Carlos III.
- As Sociedades Económicas de Amigos do País.
- A evolución demográfica e económica vo século XVIII.

TEMA 5: LIBERALISMO FRONTE A ABSOLUTISMO (1788-1833)

- A ocupación napoleónica.
- A guerra: desenvolvemento, actitudes e consecuencias.
- As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812.
- A restauración do absolutismo e o Trienio Liberal
- Por que foi ominosa a década de 1823-a 1833.

2º TRIMESTRE

TEMA 6: A CONFIGURACIÓN DO ESTADO LIBERAL (1833-1874)

- A primeira guerra carlista (1833-1840)
- O proceso de revolución liberal (1833-1843)
- Os primeiros partidos político
- A década moderada (1844-1854)
- O bienio progresista (1854-1856)
- A desintegración da monarquía (1857-1868)

TEMA 7: O SEXENIO DEMOCRÁTICO (1868-1874)

- A revolución e o Goberno Provisional (1868-1870)
- A monarquía de Amadeo de Savoia (1871-1873)
- A Primeira República.
- Por que fracasou a experiencia democrática do Sexenio.

TEMA 8 : A ECONOMÍA ESPAÑOLA (1833-1900)

- A agricultura, entre a reforma e o estancamento.
- Transformou a reforma agraria liberal o campo español?-
- Os inicios da industrialización: o textil catalán.
- Minería e siderurxia.
- A poboación, un crecemento limitado.
- Transportes, ferrocarril e mercado.
- Libre cambio fronte a proteccionismo.
- Facenda, banca e moeda.

TEMA 9: SOCIEDADE E MOVEMENTOS SOCIAIS DO SÉCULO XIX

- A configuración dunha sociedade de clases.
- Os novos grupos dirixentes.
- As clases populares.
- As orixes do movemento obreiro.
- A chegada do internacionalismo: marxistas e anarquistas.
- Socialismo e anarquismo no derradeiro terzo do século XIX.

TEMA 10 : A RESTAURACIÓN BORBÓNICA (1875- 1902)

- As claves do novo sistema político.
- O bipartidismo e a quenda pacífica.
- As forzas políticas marxizadas do sistema.

- O auge dos nacionalismos e rexionalismos.

TEMA 11: A CRISE DA RESTAURACIÓN BORBÓNICA (1902- 1931)

- O reformismo dinástico.
- A oposición política.
- O obreirismo: entre o anarquismo e o socialismo
- A Semana Tráxica e as súas consecuencias (1909-1917).
- A crise de 1917.
- A descomposición do sistema parlamentario (1918-1930).
- A ditadura de Primo de Rivera (1923-1930)

3º TRIMESTRE

TEMA 12: ECONOMÍA E SOCIEDADE NO PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX

- A modernización da estrutura demográfica.
- A agricultura: crise e diversidade dunha sociedade campesiña
- A expansión da industria
- A política económica: proteccionismo e intervencionismo
- A política económica durante a ditadura de Primo de Rivera
- As transformacións sociais.
- A condición feminina a principios do século XX.

TEMA 13: A SEGUNDA REPÚBLICA ESPAÑOLA (1931-1936)

- O novo réxime republicano
- O bienio reformista (1931-1933)
- O bienio conservador (1933-1936).
- Estaba en perigo a democracia en outubro de 1934?.
- A Fronte Popular (1936).

TEMA 14: A GUERRA CIVIL (1936-1939)

- Do golpe de Estado á Guerra Civil.
- A internacionalización do conflito.
- O bando republicano : guerra e revolución

- A zona sublevada : A construción dun Estado totalitario
- A evolución do conflito bélico.
- Que dous grandes grupos sociais e ideolóxicos se enfrontaron na Guerra Civil?.

TEMA 15: A DITADURA FRANQUISTA: A POSGUERRA (1939-1959)

- O carácter do réxime franquista.
- A represión sobre os vencidos.
- A consolidación do franquismo (1939-1951)
- Os anos do recoñecemento internacional (1951-1959).
- A oposición exterior: os republicanos do exilio.
- A resistencia interior

TEMA 16: A DITADURA FRANQUISTA: O GRAN DESENVOLVEMENTO (1959-1975)

- Liberalización económica e plans de desenvolvemento
- Os anos do crecemento económico
- Os cambios demográficos e sociais.
- Reformismo político sen liberdades.
- A reorganización do antifranquismo.
- A agonía da ditadura.

TEMA 17 : A TRANSICIÓN E DEMOCRACIA

- Da transición á democracia (1975-1978)
- A Constitución de 1978 e o Estado das Autonomías.
- A etapa do consenso político (1978-1982).
- A consolidación do bipartidismo (1982-2004)
- A integración de España na Unión Europea

10.2- OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns				
d e g h i l m	B0.1. Método histórico. Fontes e perspectivas.	B0.1. Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e extraer información salientable sobre o tratado, valorando criticamente a súa fiabilidade.	HEB0.1.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística dun personaxe historicamente salientable, un feito ou un proceso histórico, e elabora unha breve exposición.	CCL CD CAA CSC CSIEE CCEC
d e h i l	B0.2. Análise e comentario de fontes.	B0.2. Elaborar mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas, utilizando os datos proporcionados ou servíndose dos coñecementos xa adquiridos.	HEB0.2.1. Representa unha liña do tempo situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a determinados feitos ou procesos históricos.	CCL CAA CSC
h i l	B0.3. Utilidade das fontes.	B0.3. Comentar e interpretar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas), relacionando a súa información cos coñecementos previos.	HEB0.3.1. Responde a cuestións propostas a partir de fontes históricas e historiográficas.	CMCCT CAA CSC
d e h i l	B0.4. Mapas e liñas do tempo.	B0.4. Recoñecer a utilidade das fontes para o/a historiador/a, á parte da súa fiabilidade.	HEB0.4.1. Distingue o carácter das fontes históricas non só como información, senón tamén como proba para responder ás preguntas que se formulan os/as historiadores/as.	CMCCT CAA CSC
Bloque 1. A Península Ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía Visigoda (711)				
d e h i l n p	B1.1. Da prehistoria á monarquía visigoda: prehistoria (evolución do Paleolítico ao Neolítico; pintura cantábrica e levantina; importancia da metalurxia); configuración das áreas celta e ibérica (Tartessos, indoeuropeos e colonizadores orientais; cultura castrexa); Hispania romana (conquista e romanización da Península; legado cultural romano; exemplo galego); monarquía visigoda (ruralización da economía; poder da Igrexa e a nobreza).	B1.1. Explicar as características dos principais feitos e procesos históricos da Península Ibérica desde a prehistoria ata a desaparición da monarquía visigoda, e identificar as súas causas e consecuencias.	HEB1.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e do Neolítico, e as causas do cambio.	CCL CCS
HEB1.1.2. Identifica as diferenzas entre unha imaxe de pintura cantábrica e outra de pintura levantina.			CCEC	
HEB1.1.3. Describe os avances no coñecemento das técnicas metalúrxicas e explica as súas repercusións.			CCL CMCCT CSC	
HEB1.1.4. Resume as características principais do reino de Tartessos e cita as fontes históricas para o seu coñecemento.			CCL CAA CSC	

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			HEB1.1.5. Explica o diferente nivel de desenvolvemento das áreas celta e ibérica en vésperas da conquista romana en relación coa influencia recibida dos indoeuropeos, o reino de Tartesos e os colonizadores fenicios e gregos.	CCL CSC CCEC
			HEB1.1.6. Debuxa un mapa esquemático da Península Ibérica e delimita nel as áreas ibérica e celta.	CAA CSC
			HEB1.1.7. Define o concepto de romanización e describe os medios empregados para levala a cabo.	CCL CSC CCEC
			HEB1.1.8. Compara o ritmo e grao de romanización dos territorios peninsulares.	CCL CSC CCEC
			HEB1.1.9. Resume as características da monarquía visigoda e explica por que alcanzou tanto poder a igrexa e a nobreza.	CCL CSC
			HEB1.1.10. Procura información de interese (en libros e internet) sobre o mantemento cultural e artístico do legado romano na España actual, e elabora unha breve exposición.	CCL CD CAA CSIEE CCEC
			HEB1.1.11. Representa unha liña do tempo desde 250 a.C. ata 711 d.C., e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
			HEB1.1.12. Partindo de fontes historiográficas, responde a cuestións ou situacións.	CCL CSC
	Bloque 2. A Idade Media: tres culturas e un mapa político en constante cambio (711-1474)			
d e h i n	B2.1. Al-Andalus: conquista musulmá da Península; evolución política de Al-Andalus; revitalización económica e urbana; estrutura social; relixión, cultura e arte.	B2.1. Explicar a evolución dos territorios musulmáns na Península, describindo as súas etapas políticas e os cambios económicos, sociais e culturais que introduciron.	HEB2.1.1. Explica as causas da invasión musulmá e da súa rápida ocupación da Península.	CCL CSC
			HEB2.1.2. Representa unha liña do tempo desde 711 ata 1474 e sitúa nunha ringleira os principais acontecementos relativos a Al-Andalus e noutra os relativos aos reinos cristiáns.	CMCCT CAA CSC

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			HEB2.1.3. Describe a evolución política de Al-Andalus.	CCL CSC
			HEB2.1.4. Resume os cambios económicos, sociais e culturais introducidos polos musulmáns en Al-Andalus.	CCL CSC CCEC
dehi p	B2.2. Os reinos cristiáns do século XIII ao XV: evolución política; nacemento das Cortes. Os reinos cristiáns na baixa Idade Media (séculos XIV e XV); diferente evolución e organización política das coroas de Castela, Aragón e Navarra. Proceso de reconquista e repoboación.	B2.2. Explicar a evolución e configuración política dos reinos cristiáns, en relación co proceso de reconquista e o concepto patrimonial da monarquía.	HEB2.2.1. Describe as grandes etapas e as causas xerais que conducen ao mapa político da Península Ibérica ao remate da Idade Media.	CCL CSC
			HEB2.2.2. Explica a orixe das Cortes nos reinos cristiáns e as súas principais funcións.	CCL CSC
			HEB2.2.3. Compara a organización política da coroa de Castela, a de Aragón e o reino de Navarra ao remate da Idade Media.	CCL CAA CSC
			HEB2.2.4. Comenta o ámbito territorial e as características de cada sistema de repoboación, así como as súas causas e as súas consecuencias.	CCL CAA CSC
dehi p	B2.3. Os reinos cristiáns na Idade Media: réxime señorial e sociedade estamental. Tensións sociais.	B2.3. Diferenciar as tres grandes fases da evolución económica dos reinos cristiáns durante toda a Idade Media (estancamento, expansión e crise), e sinalar os seus factores e as súas características.	HEB2.3.1. Describe as grandes fases da evolución económica dos territorios cristiáns durante a Idade Media.	CCL CSC
dehi p	B2.4. Os reinos cristiáns na Idade Media: do estancamento á expansión económica. Crises agraria e demográfica.	B2.4. Analizar a estrutura social dos reinos cristiáns e describir o réxime señorial e as características da sociedade estamental.	HEB2.4.1. Explica a orixe e as características do réxime señorial e a sociedade estamental no ámbito cristián.	CCL CMCCT CSC
degh m n p	B2.5. O Camiño de Santiago. Unha cultura plural: cristiáns, musulmáns e xudeus. Manifestacións artísticas.	B2.5. Describir as relacións culturais de cristiáns, musulmáns e xudeus, e especificar as súas colaboracións e as influencias mutuas.	HEB2.5.1. Describe o labor dos centros de tradución.	CCL CSC CCEC
			HEB2.5.2. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística do Camiño de Santiago, e elabora unha breve exposición.	CCL CD CAA CSIEE CCEC

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 3. A formación da monarquía hispánica e a súa expansión mundial (1474-1700)				
d e h i p	B3.1. Os Reis Católicos: unión dinástica de Castela e Aragón; reorganización do Estado; política relixiosa; conquista de Granada; descuberta de América; incorporación de Navarra; relacións con Portugal.	B3.1. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna, e identificar as reminiscencias medievais e os feitos salientables que abren o camiño á modernidade.	HEB3.1.1. Define o concepto de unión dinástica aplicado a Castela e Aragón en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado.	CCL CSC
			HEB3.1.2. Explica as causas e as consecuencias dos feitos máis relevantes de 1492.	CCL CSC
			HEB3.1.3. Analiza as relacións dos Reis Católicos con Portugal e os obxectivos que perseguían.	CCL CAA CSC
d e h i	B3.2. Auxe do Imperio no século XVI: dominios de Carlos I e de Filipe II; modelo político dos Austrias; conflitos internos; conflitos relixiosos no seo do Imperio; conflitos exteriores; exploración e colonización de América e do Pacífico; política económica respecto a América; a revolución dos prezos e o custo do Imperio.	B3.2. Explicar a evolución e a expansión da monarquía hispánica durante o século XVI, diferenciando os reinados de Carlos I e Filipe II.	HEB3.2.1. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II, e explica os problemas que provocaron.	CCL CAA CSC
			HEB3.2.2. Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o século XVI.	CCL CSC
			HEB3.2.3. Analiza a política respecto a América no século XVI e as súas consecuencias para España, Europa e a poboación americana.	CCL CAA CSC
d e h i	B3.3. Crise e decadencia do Imperio no século XVII: os validos; expulsión dos mouriscos; proxectos de reforma de Olivares; guerra dos Trinta Anos e perda da hexemonía en Europa en favor de Francia; rebelións de Cataluña e Portugal en 1640; Carlos II e o problema sucesorio; crise demográfica e económica.	B3.3. Explicar as causas e as consecuencias da decadencia da monarquía hispánica no século XVII, relacionando os problemas internos, a política exterior e a crise económica e demográfica.	HEB3.3.1. Describe a práctica do valemto e os seus efectos na crise da monarquía.	CCL CSC
			HEB3.3.2. Explica os principais proxectos de reforma do Conde Duque de Olivares.	CCL CSC
			HEB3.3.3. Analiza as causas da guerra dos Trinta Anos e as súas consecuencias para a monarquía hispánica e para Europa.	CCL CSC CAA
			HEB3.3.4. Compara e comenta as rebelións de Cataluña e Portugal de 1640.	CCL CSC CAA
			HEB3.3.5. Explica os principais factores da crise demográfica e económica do século XVII, e as súas consecuencias.	CCL CSC

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			HEB3.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1474 ata 1700, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
d e g h i m n p	B3.4. Século de Ouro español: do Humanismo á Contrarreforma; Renacemento e Barroco na literatura e na arte.	B3.4. Recoñecer as grandes achegas culturais e artísticas do Século de Ouro español, extraendo información de interese en fontes primarias e secundarias (en bibliotecas, internet, etc.).	HEB3.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre os seguintes pintores do Século de Ouro español: El Greco, Ribera, Zurbarán, Velázquez e Murillo.	CCL CD CAA CSC CCEC
Bloque 4. España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788)				
d e h i	B4.1. Cambio dinástico e Guerra de Sucesión: unha contenda civil e europea; a Paz de Utrecht e o novo equilibrio europeo; os pactos de familia con Francia.	B4.1. Analizar a Guerra de Sucesión española como contenda civil e europea, e explicar as súas consecuencias para a política exterior española e a nova orde internacional.	HEB4.1.1. Explica as causas da Guerra de Sucesión Española e a composición dos bandos en conflito.	CCL CSC
			HEB4.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1700 ata 1788, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
			HEB4.1.3. Detalla as características da nova orde europea xurdida da Paz de Utrecht e o papel de España nela.	CCL CSC
d e h i p	B4.2. Reformas institucionais: novo modelo de Estado; Administración en América; Facenda Real; relacións Igrexa-Estado.	B4.2. Describir as características do novo modelo de Estado, especificando o alcance das reformas promovidas polos primeiros monarcas da dinastía borbónica.	HEB4.2.1. Define os decretos de nova planta e explica a súa importancia na configuración do novo Estado borbónico.	CCL CSC
			HEB4.2.2. Elaboro un esquema comparativo do modelo político dos Austrias e dos Borbóns.	CCL CSC CAA
			HEB4.2.3. Explica as medidas que adoptaron ou proxectaron os primeiros Borbóns para sanear a Facenda Real.	CCL CSC
			HEB4.2.4. Describe as relacións Igrexa-Estado e as causas da expulsión dos xesuítas.	CCL CSC
d e h i	B4.3. Economía e política económica: recuperación demográfica; problemas da agricultura, a industria e o comercio; liberaliza	B4.3. Comentar a situación inicial dos sectores económicos, detallando os cambios introducidos e os obxectivos de novo	HEB4.3.1. Compara a evolución demográfica do século XVIII coa da centuria anterior.	CCL CSC CAA

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
m p	e o comercio, liberalización do comercio con América.	os obxectivos da nova política económica.	HEB4.3.2. Desenvolve os principais problemas da agricultura e as medidas impulsadas por Carlos III neste sector.	CCL CSC
			HEB4.3.3. Explica a política industrial da monarquía e as medidas adoptadas respecto ao comercio con América.	CCL CSC
d e h i m p	B4.4. Engalaxe económica de Cataluña. Estancamento económico de Galicia.	B4.4. Explicar a engalaxe económica de Cataluña, en comparación coa evolución económica do resto de España.	HEB4.4.1. Especifica as causas da engalaxe económica de Cataluña no século XVIII.	CCL CSC
d e h i p	B4.5. A Ilustración en España e Galicia: proxectistas, anovadores e ilustrados; despotismo ilustrado; novo concepto de educación; Sociedades Económicas de Amigos do País; prensa periódica.	B4.5. Expor os conceptos fundamentais do pensamento ilustrado, identificando as súas vías de difusión.	HEB4.5.1. Comenta as ideas fundamentais da Ilustración e define o concepto de despotismo ilustrado.	CCL CAA CSC CCEC
